

**Diarios do futuro**  
**Pontevedra 29 de abril de 2073**



**Diarios do futuro**  
**Pontevedra 29 de abril de 2073**

Estes textos foron elaborados polas persoas participantes no obradoiro de narrativas de futuro, realizado no control social do Gorgullón e coordinado por Xesús Ron.

Este obradoiro forma parte do proxecto “Do desequilibrio aos soños compartidos”, promovido por Feitoría Verde, Chévere e grupo SEPA de investigación da USC. Un proxecto que foi beneficiario na convocatoria “Componer saberes 2021” da Fundación Carasso e contou coa colaboración do Concello de Pontevedra e da Asociación de Veciños Eduardo Pondal.

Os textos foron gravados coa voz das persoas autoras e identificados cun código QR colocáronse en distintos lugares do barrio do Gorgullón o sábado 29 de abril de 2023.

## **Imaxinando futuros para vivir mellor**

Como remate do obradoiro sobre narrativas de futuro, que se desenvolveu en Pontevedra, no centro social do Gorgullón, durante os primeiros meses de 2023, propuxemos ás persoas participantes elaborar unha entrada para un diario persoal localizado dentro de cincuenta anos, en abril de 2073.

Este obradoiro tiña como obxectivo principal mobilizar a capacidade de imaxinar outros futuros, desbordando os límites imposto polas visións distópicas dominantes. Un exercicio para descolonizar o futuro, poñer en práctica o potencial transformador da imaxinación e desenvolver estratexias para construír narrativas alternativas sobre o futuro. Deste xeito, nos obradoiros achegámonos á historia dos colapsos culturais do pasado, practicamos a utopía como crítica emancipatoria da sociedade actual, navegamos entre o pasado, o presente e o futuro para exercitar un pensamento a longo prazo, debatemos sobre xustiza interxeracional, propuxemos unha viaxe no tempo a través da nosa biografía persoal e escollemos formatos narrativos que nos permitían elaborar relatos de futuro accesibles e replicables. De aí a proposta de elaborar un diario persoal.

O resultado é esta colección de diarios, dos que se publica a entrada correspondente ao sábado 29 de abril de 2073. Un xeito de imaxinar o noso futuro desde o máis persoal. Porque aquí atoparedes miradas ao futuro que desbordan a catástrofe e o colapso, construíndo historias desde a intimidade, desde o pequeno, o próximo e o concreto.

Miradas que se enfocan en formas de vida que tenden ao común, á proximidade e ao colectivo, debuxando escenas dun bo vivir que agora non existe, un vivir con moita máis calma, nunha sociedade que se move devagar e demanda menos enerxía, na que gañamos tempo para nós, traballamos menos e necesitamos menos cousas para vivir ben.

Visións desde o concreto que imaxinan unha sociedade máis xusta, con máis democracia e participación, na que as persoas están máis xuntas e na que se integra a natureza desde o respecto, co convencemento de que temos un planeta para compartir con eses outros seres vivos que o habitan. E se aquí en Pontevedra hai unha metáfora clara do que se debe cambiar para conseguir ese futuro mellor, é a presenza na ría da fábrica de pasta de celulosa. Un elemento que está presente na maioría destes diarios e que nos recorda a importancia de imaxinar agora as transformacións que queremos conseguir dentro de cincuenta anos.

Xesús Ron  
Chévere

Charo





Pontevedra, 29 de abril de 2073

Hoxe chego a casa esgotada. Dos pés á cabeza, pois non parei de camiñar, de falar, de escoitar... Como todos os sábados pola mañá houbo reflexións e debate na alameda e a xente desbordada propostas. Primeiro dividímonos por grupos, representativos dos barrios da cidade, cada un deles tiña que decidir un proxecto para defender en común. Nós démoslle moitas voltas, moitas camiñadas tamén, un falaba de recuperar os tranvías eléctricos, outra de abrir unha cociña comunitaria...

Eu mirei o lonxe entre os carballos, na ría xa desaparecera hai uns anos o perfil da celulosa, no espazo baleiro onde antes se erguía un armatoste de cruz, quedaría ben levantar un miradoiro amplo e cuberto, que tamén servise de espazo de conversa os días de chuvia. Desta vez que andamos en levar á asemblea esta proposta. Agora hai que ver que ideas propoñen os demais grupos, discutilas, votar.

Noutro dos paseos da alameda, baixo tileiros e pradairos, fatos de rapaces e rapazas analizaban tamén os seus asuntos. Desde que se establecera a república como sistema de goberno, a democracia transformouse en participativa, tamén para os máis novos, que acadaron voz e voto naquilo que lles atinxe directamente.

En pouco tempo producíranse cambios na educación. Nas escolas, aínda que se estudaban as materia curriculares ordinarias, recuperouse o estudo da filosofía. Traballaban directamente sobre os textos. Lectura, análise, discernimento, argumentación, debate... Afondábase na comprensión da linguaxe, facíanse moitas exposición orais e buscaban o significado profundo das palabras, ata chegar á idea. Os nenos e as nenas aprendían a dominar a lingua, a escoitar, a configurar un pensamento crítico, a expresalo e defendelo en público. Aínda con medo a errar. Ou sen el. Esta tarde teñen o quiosco como palestra.

Charo

Laura





Pontevedra, 29 de abril de 2073

Hoxe celebramos o aniversario de Carlos. Cumpre 72 anos. Fomos o grupo de sempre ata a súa casa. Como vive un pouco fóra da cidade, houbo que coller o transporte público. Lembro o pouco que me gustaba usalo cando era moza, por medo a perderme ou a non baixar na parada que me tocaba. Daquela os buses e os trens eran coma unha oficina con rodas, sempre contestando chamadas e correos ou whatsapps, ou acabando traballos no ordenador. Toda a xente andaba ás presas. Para min ter que moverme dun sitio a outro constantemente implicaba moito estrés. Agora é distinto. A meiranda parte das persoas teletraballan ou van ao curro andando ou en bici. Case non existen coches de uso privado e eu para moverme, como todo o mundo, uso o transporte colectivo, maiormente o tren. Será por iso que agora gozo moito destas viaxes, mirando a paisaxe e relaxándome, pensando nas miñas cousas.

Fun un cacho soa, pero en cuestión de minutos foron subindo grupos de rapaces e rapazas. Falaban alegres e escoitei que ían pasar o día no río. Ata os vinte e cinco anos poden viaxar de balde canto queiran, sen límite. Despois, en función do teu grupo de idade e doutros factores, tes asignada unha cota anual de emisións de CO2 que vas gastando. Nesta viaxe non vou consumir moito, a verdade. Nas seguintes paradas subiron Gioanna e o seu home, despois Lucía e Natalia e pouco a pouco o resto.

Carlos estaba esperando na parada. Como a súa casa está máis lonxe, tivemos que coller un microbus eléctrico, que son os que dan servizo ás zonas rurais. Había moito que non subía ata a súa casa e sorprendeume o ben conectado que estaba todo. Fixemos unha pequena festa e falamos durante horas, sempre temos moito que compartir. Iso si, Carlos tiñanos unha sorpresa á noite. Fomos a un miradoiro a quince minutos dalí. Nunca estivera. Preparámonos para coller o bus outra vez, pero el sacou unhas bicicletas. Foi curioso ver como nos repartiamos, xa que non tiñamos tantas bicis como cus. Notábase que eran dos seus netos e que non calculara ben. Tamén se vía que as usaban a cotío. Eu xa sabía que me ían levar de paquete, porque despois de todos estes anos sigo sen saber montar. Rimos moito na subida e ao escurecer puidemos ver o ceo todo estrelado. Que espectáculo! A volta foi algo catástrófica, pero saímos todas enteiras, as bicis facíanse pequenas, e Ángel berrou que íamos saber o que era a velocidade. Parecía un rapaz nunha carreira.

Cando volvía para casa e xa estaba soa no tren, non deixaba de pensar o moito que me segue gustando andar cos meus amigos, como cando tiña vinte anos.

Laura

Pedro



## The House of the Rising Sun.

Onte de mañanciña acordei cedo. Había tempo que non durmía tan ben. Miro a pantalhinha do móbil e vexo que son as seis. Solto a mangueirinha do osíxeno e levo o soro comigo ao baño. Ourinho e, sen acordar de todo, volvo onda o leito. Recolócome o osíxeno e achégome á xanela. Comeza a clarear tralos cumes da Fracha. Síntome ben... Non coma onte cando o médico me dixo... Coma así tenho medo. Premo o timbre da enfermeira. É unha moza moi amable, e moi guapa. En lugar dela entra unha mulher madura que non conhezo. Pregunto por Marisa e dime que non sabe. Dígolhe que avise ao doutor Márquez e dime que espere un pouco, que ten que avisar a alguén. Entra unha mulher duns cincuenta e tantos. Dime que ela é a minha médica e como eu insisto en ver ao doutor Márquez, dime que non é posible, que o doutor Márquez morreu hai moitos anos...

-Pero como que hai moitos anos, se onte mesmo díxome que tenho un cancro de páncreas incurable, que me quedan catro meses de vida como moito!

-Sabe vostede que hora é? -pregúntame a doutora.

-As seis e pico. Acabo de velo no móbil.

-Pois faga o favor de mirar a data tamén -ordéame moi seria. Debaixo dos grandes díxitos da hora 06:16 había outros: 29-04-2073!!!

-Meu Deus, non entendo nada! -replico. Ela aclárame:

-Moi sinxelo, acaba de acordar vostede dun sono de 40 anos. Conforme lle vaia vindo a memoria, lembrará que consentiu en ser o primeiro humano crioxenizado da historia en espera dun remedio para o seu mal..

-... Incurable, segundo o doutor Márquez... -engado eu.

-... Até hai dous anos si. Tamén foi vostede o primeiro en ser intervindo con notable éxito cun novo e revolucionario descubrimento...

-Non lle creo nada, síntome moi ben e non tenho nin dor nin rastro de operacion ningunha.

-Non lle quedou pegada de ningunha cirurxía porque non houbo tal. O tratamento foilhe inoculado pola propia vía. Hai uns anos, unha equipa científica chinesa conseguiu establecer comunicación cun tipo de microorganismos e pastorealos para beneficio noso. Eses seres microscópicos, inxectados na vea, ocúpanse de retirar células malignas, desfacer trombos, purificar sangue, retirar excesos de graxa e tumores...

En fin, a nova medicina é o meirande avance da humanidade e a proba é vostede, sortuda cobaia. Si, amigo, a partir de agora a xente, fóra accidentes, asasinatos, guerras ou suicidios, morrerá de velha. Venha comigo.

Seguín a aquela mulher polos corredores. Cruzámonos con algunha xente con estranhos uniformes que nos saúdaban ao pasar. Sorprendinme de me sentir tan lixeiro. Nin rastro de fatiga, nin falta de equilibrio, nin mobilidade reducida. Tinha a vitalidade dun adolescente. Ou aquilo era un milagre, ou durmía aínda. Chegamos ao que parecía unha sala de espera.

Ela encarou a xanela e díxolhe:

-Arriba persiana! -a devandita ascende de todo deixando ver un precioso ceo azul.

-Achéguese -ordéame-. Aí ten: a súa Pontevedra.

-Semelha que hai marea viva, vexo o nivel do río un tanto medrado -comento.

-Pois está a baixar. Chegou a cubrir todas as pontes e a cidade baixa... -di ela.

-Ai xa! Sería pola fusión dos polos co cambio climático que se intuía xa nos anos oitenta do século XX. Daquela era certo!

-E tan certo! Foi horrible! Tivo sorte vostede que non se decatou de nada. E máis sorte aínda de que non lle faltase electricidade á súa máquina do frío grazas ás liñas, que seguiron funcionando, e ao xerador do propio hospital. En fin, está vostede dado de alta.

Pedro

María





Pontevedra, 29 de abril de 2073

É sábado! E non un calquera. Hoxe pasei o día na Alameda e ben podía pasar a noite enteira, hai unha gran foliada da que naide se quere ir.

Comecei o día indo ó hucho, onde a sal recubre gran parte da miña comida. Dalí saquei uns liscos ben bos que viñeron perfectos para tomar folgos antes do evento. Fun encher de novo as botellas de vidro á fonte, dá gusto ver correr a auga fresca e limpa despois da retirada da celulosa. Un dos recipientes leveino connigo para pasar o día e cara a Alameda fun!

Xa prepararan os técnicos de son os sintetizadores. As gaitas son as mesmas que cando eu empezara de cativa a escoitalas, agora acércome a un micro por momentos para darlle certo toque "do espacio". Manuel María e Nela hai moito que non tocan, Uría que non baila, pero aquí seguimos. Grandes e nenos traen xa todo tipo de instrumentos, sen reparar que sexan exclusivos do tradicional galego, e algúns imitándoos con curiosas alternativas: Unha gaita feita a partir de garabullos, un tambor feito cun canalón e logo calquer superficie era boa para petar e facer ritmo.

Inda sabemos cantar Santo Amaro en conxunto, a Maruxiña, o Caneco e a Carolina, pero si que é verdade que algunhas letras das máis controversiais acabámolas cantando menos ou sustituíndoas con outras estrofas. O Caneco non ten salvamento.

Para as vestimentas, temos de todo, algúns veñen frescos para o día caluroso de hoxe, outros trouxeron de muda o traxe rexional pero sacando capas como as enaguas, mudando os zocos e zocas por tenis ou optando por teas máis finas que garden a estética inicial.

Ao rematar, os comercios da zona tiñan preparada a comilona: pinchos, empanada, verduras, froitas, viño, zumo e leite estaban á mesa (con opciois veganas e sen gluten, indicadas perto delas).

Hoxe non bailei, 70 anos están moi ben para manterte tras a gaita, a zanfona, o acordeón, a percusión e a guitarra pero quíteme dios de darlle brincos á espalda. Volto pra casa, rebentada, pero orgullosa de ver que as boas tradicións nunca se acaban.

María Ángeles, a do Méndez

Julio





Pontevedra, 29 de abril de 2073

Hoy amaneció un día primaveral que invitaba al paseo y a la reflexión. El sol, la brisa y la ausencia de ruido del tráfico hacían parecer aún más increíbles los cambios producidos a raíz de la crisis energética de 2040, cuando el agotamiento del petróleo y otras materias primas nos sumió en el caos y la penuria. Por eso en un día así es importante no olvidar que aquella situación nos obligó a hacer una profunda reflexión colectiva. Primero tuvimos que reconocer nuestros errores, y después tomar conciencia general sobre los límites del planeta. Esto nos llevó a cuestionar el brutal despilfarro y el egoísmo por la posesión de todo tipo de bienes, que nos había convertido en máquinas de consumo insaciables. Entendimos que con menos se puede ser más feliz. Porque ya no necesitábamos trabajar tantas horas y disponíamos de más tiempo para socializar. Porque teníamos un planeta más limpio, al eliminar muchas fuentes de contaminación. Porque supimos reducir drásticamente el consumo.

Pensaba en estas cosas cuando llegué a la desembocadura del río Lérez. Miré a lo lejos y recordé que fue la rápida reducción del consumo de papel lo que condujo al cierre definitivo de la fábrica de pasta de celulosa. Y que fue la determinación de los vecinos afectados por aquel infecto mamotreto lo que obligó a la empresa a limpiar todo el entorno contaminado durante décadas. Hoy allí solo queda una escultura hecha con parte de la chatarra de la fábrica, para que no nos olvidemos jamás de

nuestros errores. Sobre todo cuando disfrutemos de la playa de Lourizán y del resto de la ría, que poco a poco va recuperando su esplendor original. Entonces me di cuenta de lo tarde que era. Tenía que poner fin a mi paseo y dirigirme a la plaza de la Curtidoira para participar en un acto que organizaba nuestra asociación vecinal. Porque si hay algo de lo que me siento especialmente orgulloso, es de que hemos pasado de valorar el individualismo a valorar lo comunitario, hemos entendido que las tareas y la cultura compartida no solo son más sostenibles ecológicamente, sino también más placenteras y saludables para las personas.

Julio

Nato





Pontevedra, sábado 29 de abril de 2073

Espertei bastante cedo debido á luz que entraba pola ventá iluminando toda a habitación. Nese intre xa souben que ía ser un bo día. Sen presas levanteime e almorcei. Saín ao xardín onde meu can esperaba para me saudar. Recollín unha pouca leituga e uns tomates da horta comuntaria e deixei-me estar cinco minutos notando como o sol recargaba os meus ósos, vai un día precioso! Preparei a ensalada e empaqueteina con pratos e cubertos para todas. A iso da unha da tarde saín recoller ás amigas, é un gustazo que todas vivamos tan preto. Cando eramos nenas tiñamos que depender do coche ou do bus e planear as nosas quedadas con tempo, xa que cada unha vivía nun sitio... Agora todo está cerca e camiñamos moito máis, como sempre nos gustou.

Hoxe síntome agradecida por todo o que teño e a xentiña que me rodea. Dende que decidimos mudarnos ás aldeas nas que xa non vivía ninguén, o noso ritmo de vida é máis lento e gozamos máis. Co tempo a xente foise aconchegando en grupos que chamamos "familias". Alégrame moito como evolucionou o concepto de familia, deixando atrás cuestións de sangue e incluíndo ás persoas que coñeces polo camiño, que te achegan valores e fan sentir ben.

Fomos facer un picnic á beira do río, cada quen trouxo a súa comida e compartimos todo o que tiñamos. Agora que vai bo tempo comemos xuntas todos os días. Vai tempo dende que por fin se entendeu que consumir máis da metade da nosa vida traballando para conseguir un salario que nos permita sobrevivir non era a maneira de aproveitar o noso tempo. Démonos de conta de que non necesitamos todo o que producimos e xa non vivimos para traballar, de modo que xa maiores seguimos tendo enerxía para gozar da vida e facer as cousas que saen de nós por interese propio.

Volvín a casa despois de pasar a tarde coa mellor compañía. Agora escribo dende a mesa que temos baixo as castiñeiras, mentres vexo a posta do sol. Pensando no afortunada que son de estar vivindo exactamente o día co que só podía soñar cando era xove.

Nato

Aida





Pontevedra, 29 de abril de 2073

Onte estivemos debatendo sobre os cambios producidos na sociedade nos últimos cincuenta anos. Desde aquel mundo acelerado que nos arrastraba ao individualismo, ata este de agora máis tranquilo e calmo, que nos deixa tempo para as relacións humanas, en lugar daqueles contactos fugaces a través da electrónica impersoal. Desde aquela comunidade dependente do automóbil a esta que se despraza en transporte público e bicicletas principalmente. Desde aquela sociedade que provocou a contaminación responsable do cambio climático a estoutra, fortemente comprometida en recuperar e manter un medio ambiente san.

Daquela sociedade egocéntrica que desprezaba os animais, a esta que entende que forman parte da natureza, igual ca nós. Daquela sociedade consumista que xeraba cantidade de refugallo, a esta que é máis responsable e comprendeu que a felicidade está na sinxeleza do vestir, calzar, comer.

Conseguiuse que gran parte dos cidadáns vivan preto do seu traballo, o que lles permite ir andando e así gañar espazo para as persoas nas cidades, espazo que antes ocupaban os coches. Pasamos dunha sociedade estresada, que padecía diversas doenzas (corazón, estómago, pel, alerxias...), a outra máis sosegada, con tempo para nos relacionar, evitando bastantes soidades que antes existían. Posuimos menos, si! Sobre todo menos problemas!

Hoxe seica entendemos que a posesión de bens persoais é moito menos importante ca posesión dun mesmo e da amizade e respecto dos demais.

Aida

Luis





Hoxe é 29 de abril de 2073.

Levanteime moi cedo, á rompida do día. Apetecíame camiñar. Almorcei un pouco de leite con pan de millo. Mirei pola fiestra e vin un día claro, preludio de altas temperaturas. Saín amiñar pola rúa do Gorgullón. Coa cantidade de árbores que ten agora gózase dun paseo moi agradable. Nesta rúa atopeime con catro nenos e cinco nenas. Estaban xogando cunha pelota de trapo. Contáronme que estaban facendo tempo para que chegara outro neno, para iren xuntos á escola. Eu continuei camiñando e escoitando o canto melodioso dos paxariños, merlos, paporrubios, lavandeiras e doutros moitos que eu non coñecía. Chego ao final da rúa do Gorgullón e viro á dereita para camiñar pola beira do río dos Gafos. Ollábase moita xente traballando nas hortas. Fixeime nunha delas, que a regaban con auga dun pozo que sacaban usando un muíño de vento. Chegando a Campolongo pola beira do río, parei a ver a cantidade de troitas e escalos que había no río. A auga estaba tan cristalina, que xuntei as mans, collín auga e bebín uns grolos. Preto de min estaba sentado un home de avanzada idade. Díxome que cando el era mozo o río estaba todo tapado. E de aquí, como facía moita calor, volvín para casa.

Luis



Nerea





Hoxe é sábado, 29 de abril de 2073.

Un día que me fai lembrar o que estaba a facer hai 50 anos no barrio do Gorgullón. Atopábame no grupo dun proxecto de educación ambiental onde falabamos sobre futuros utópicos, e é por isto que me paro a pensar en todo o que cambiamos.

Como calquera sábado, xunto coas miñas netas fomos ao mercado de abastos de Pontevedra. Collimos as nosas bolsas de tea e púxemonos en marcha (as bolsas agora son todas de tea, desde hai uns doce anos xa non usamos plásticos). Achegámonos ao posto de Concha, un dos moitos que había. É a miña mellor amiga, e segundo o meu parecer ten as mellores verduras e hortalizas da zona, que son excedentes da horta comunitaria do noso barrio que se comercializan todos os sábados. Aquí compramos uns tomates ben vermellos e feuchos, pero grandes e moi xugosos, pois son ecolóxicos (hai ben tempo que non se usan pesticidas na agricultura, levou o seu traballíño, pero conseguímolos!). Tamén levamos cabaciña e cebolas. Seguimos avanzando polas ringleiras de postos ata chegar ao de Xosé, que vende todo a granel: especias, infusións, legumes... Aquí mercamos algo de pementa negra e té negro, que é o meu favorito.

A continuación, paseando pola zona vella, chegamos ao supermercado cooperativo. É o modelo dominante de súper, onde todo o que se vende é de proximidade. Neste collimos os nosos botes e frascos reutilizables para comprar deterxente e suavizante a granel, así como tamén unhas galletas para o postre. Despois retomamos o camiño de volta a casa para preparar a comida familiar que facemos tódalas semanas.

Nerea

Andrea





Pontevedra, 29 de abril de 2073

Querido diario,

hoxe espertei cedo. A pesar de ser aínda as 7 da mañá, entraba moita luz pola fiestra, porque agora xa non cambiamos a hora, reducimos tanto o consumo enerxético que xa non hai necesidade! Erguinme e fun preparar o meu almorzo favorito: un café con leite e dúas tortiñas de pan de millo con aceite e tomate. O cheiro do café sempre me pon de bo humor. Recórdame ás sobremesas interminables das comidas familiares. Rematei de almorzar e vestín un chándal que debe ter tantos anos coma min. A roupa pasou a ser un mero instrumento de abrigo, e que gozo non ter que andar pendente de ir combinada, “á moda”, ou “con estilo”. Collín as chaves da casa para marchar, pero recordei que xa fai tempo que Pontevedra deixa as casas despechadas, para asegurarse de que calquera persoa que corra perigo poida meterse nelas e protexerse. Volvín pousar no recibidor, cerrei a porta, e saín a camiñar.

Fai tempo que me prometín a min mesma facer todo con atención plena, para gozar máis dos momentos que día a día teño a fortuna de experimentar. Así, namentres camiño, consigo escoitar os chíos dos paxaros en pleno centro de Pontevedra e o correr da auga do río ao longo de todo o seu cauce polo medio da cidade. Entre medias, risas nas conversas de persoas que, coma min, saíron esta mañá a camiñar.

Permítome non só escoitar, senón tamén ollar. E cos meus ollos podo ver os diferentes matices de cores que hai na cidade: todo tipo de verdes procedentes da gran cantidade de árbores que hai pola rúa Michelena, pero tamén o branco das abrótegas na rúa Riestra, o amarelo do toxo pola Fracha, o rosado das cerdeiras na rúa da Oliva, ou o laranxa das semprevivas por Virxe do Camiño.

Dende que os coches non entran á cidade e se recuperaron as rúas para o pobo, sinto que todo é mellor. Baixo á rúa e vexo que as crianzas teñen onde xogar, que as nais e pais se relaxan conversando namentres lles dan liberdade para explorar. Vexo moita xente moza deitada nalgunha das moitas zonas verdes da cidade pintando, escoitando música ou botando unha soneca ao abeiro dalgunha árbore que lle presta a súa sombra. O aire puro que respiro nótase na miña pel, e tamén na miña saúde, e a natureza volve a ocupar o seu espazo en sintonía coa nosa vida humana.

De camiño á casa pola rúa Gorgullón, párome en fronte dunha eira chea de mexacáns. Axeónllome e comezo a acaricialos docemente namentres se me veñen á cabeza todos os desexos que aínda me quedan por cumprir. Entro de novo na casa. Descálzome e sento a escribir. Esta será a páxina do diario á que sempre volva cando queira recordar a beleza da natureza que me rodea na miña querida Pontevedra.

Andrea

## Todos os diários









## DO DESEQUILIBRIO AOS SONOS COMPARTIDOS

Construción de narrativas  
de futuro sostible

Un proxecto de



Financiado por

